



## A Cátedra de Hidroloxía Médica-Balnearios de Galicia comeza un novo curso académico

el febrero 01, 2019 publicado por Victoriano Castro



A Cátedra de Hidroloxía Médica USC-Balnearios de Galicia inicia o vindeiro día 15 de febreiro un novo curso académico formando aos futuros facultativos na cura termal. A materia de Hidroloxía Médica comezou a impartirse na Universidade de Santiago en 2006, froito dun acordo coa Asociación de Balnearios de Galicia.



*Juan Gestal*

Catro anos despois nacía, co apoio da Axencia de Turismo de Galicia, a Cátedra de Hidroloxía Médica, a segunda que existía en España, e que forma cada ano a máis dun centenar de alumnos. Este ano o número de prazas aumentouse a 140.

O director da Cátedra é o doutor Juan Gestal Otero, Profesor Emérito de Medicina Preventiva e Saúde Pública da Universidade de Santiago. Salienta “a importancia de iniciar aos alumnos na utilización desta modalidade de terapia na súa práctica médica”. Nesta liña, os futuros médicos coñecerán as indicacións terapéuticas dos distintos tipos de augas mineromedicinais que existen nos balnearios galegos.

Os alumnos, todos eles de sexto curso do Grao de Medicina, participarán en sesións teóricas-prácticas de fin de semana, ao longo dos meses de febreiro e marzo, en sete balnearios da comunidade: os ourensanos Laidos (no concello de Cenlle) e Arnoia; os pontevedreses de Mondariz, Termas de Cuntis e Caldelas de Tui; e os lucenses de Augas Santas (Pantón) e Balneario de Lugo-Termas Romanas.

Nestas sesións, impartidas polos directores médicos e profesionais de cada centro, abordarase o valor terapéutico das augas mineromedicinais no tratamento da dor, nas patoloxías reumáticas, nos procesos de rehabilitación, así como os seus beneficios de cara a un avellentamento activo. Tamén se afondará en diferentes terapias e técnicas

 **HGgTonline**

procesos crónicos e na promoción xeral do benestar. Ademais, os participantes achegaranse ao termalismo pediátrico.

O director da Cátedra destaca “o peso cada vez maior da hidroloxía médica na medicina actual, pois o avellentamento da poboación, o incremento das enfermidades crónicas e o estrés fan que a balneoterapia teña cada vez máis aplicacións”. E indica que “a medicina actual debe ter en conta os beneficios da cura termal para previr e curar determinadas doenzas”. Nesta liña, asegura que “a cura balnearia pode axudar á capacidade natural de recuperación do organismo”.



NOTICIAS HGT



 Con la tecnología de Blogger

"HGgTonline", el punto de encuentro de la gastronomía, hostelería y turismo gallegos